



PORTOS DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2024 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Constitución Española nos seus artigos 148.1.6 e 149.20, o Estatuto de Autonomía para Galicia (Ley orgánica 1/1981, de 6 de Abril) no seu artigo 27.9 establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de portos non cualificados de interese xeral, portos de refuxio e portos deportivos; ó mesmo tempo o Estatuto de Autonomía no artigo 28.6 atribúe á propia Comunidade Autónoma competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza.

De acordo con estas previsións constitucionais e estatutarias por Real Decreto 3.214/1982, de 24 de Xullo efectuouse a correspondente transferencia en materia portuaria á Comunidade Autónoma de Galicia.

Na actualidade a Comunidade Autónoma de Galicia, exerce as súas competencias portuarias a través dunha administración especializada constituída polo ente público Portos de Galicia, creado pola Lei 5/1994, de 29 de Novembro. O ente público Portos de Galicia, adscrito á Consellería do Mar constitúe unha entidade pública empresarial que xestiona os portos autonómicos en réxime de autosuficiencia financeira da explotación e regúlase pola lei 6/2017, de Portos de Galicia aprobada o 12 de decembro de 2017, que entrou en vigor o 14 de xuño de 2018.

I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
E3	Competitividade e crecemento

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E3	PA04	Promover as infraestruturas produtivas e as de rede

Á entidade pública empresarial Portos de Galicia correspóndelle o proxecto, a construción, a conservación, a mellora, a ordenación, a administración e a explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo que ten adscritas e as súas futuras ampliacións, de acordo cos criterios e obxectivos de modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios procurando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e a construción portuaria, a mellora do sector pesqueiro e da actividade náutico-deportiva, o fomento das actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos na contorna municipal e social dinamizando a actividade portuaria

e a cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

A xestión de Portos de Galicia durante os últimos exercicios continúa a súa anterior evolución, cara un prestador de servizos nas infraestruturas nas que se apoia, buscando a prestación das súas actividades de acordo coa súa lei de constitución, sobre a base de criterios de eficiencia económica, buscando a máxima rendibilidade e procurando a mellora no nivel de prestación dos servizos e a atención ás necesidades dos seus usuarios e das diversas empresas que realizan a súa actividade no dominio público portuario. Ademais, como medida complementaria e, dentro das dispoñibilidades orzamentarias, continuou o desenvolvemento da construción, ampliación e mellora das infraestruturas portuarias.

Todo isto para a consecución de servizos máis eficientes, buscando mellorar as condicións de traballo e de seguridade dos usuarios co obxectivo de contribuír á consecución dunha sociedade galega máis cohesionada e unha economía máis competitiva potenciando sectores produtivos como o pesqueiro o náutico-deportivo e o comercial e turístico.

Para isto, establecéronse estratexias de crecemento, aumentando a competitividade co incremento da produtividade, da mellora da xestión, da valorización do seu capital humano e recursos materiais así como da implantación de novas tecnoloxías, e todo iso, co total respecto aos principios do desenvolvemento sostible, ademais de afrontar as melloras das infraestruturas portuarias existentes ou a creación de novas que resulten necesarias para o axeitado desenvolvemento das actividades portuarias, adecuándose ás novas dotacións orzamentarias.

Toda esta xestión foi recollida na Lei 6/2017, de portos de Galicia, aprobada o 12 de decembro de 2017 e que entrou en vigor o 14 de xuño de 2018. De esta maneira, a administración portuaria ten un novo marco regulador mais adaptado a realidade dos seus portos e das actividades que neles se fan.

A evolución dos ingresos correntes en Portos de Galicia no ano 2022 (17,1 M€) reflicten unha baixada a niveis de ingresos previos a pandemia da Covid-19.

As previsións de peche deste ano 2023 indican unha recuperación de niveis anteriores á pandemia a nivel global, se ben unha análise polo miúdo amosa una boa evolución da pesca fresca e estabilidade na náutica recreativa pero un pulso aínda feble para as mercadorías que moven os portos autonómicos, moi influídos pola non recuperación das ferroaleacións.

Tendo en conta o anterior, as previsións de ingresos para o próximo exercicio 2024 acadan os 18 M€, consolidando de novo as cifras de 2019.

No sector da náutica deportiva, Portos de Galicia continúa a facer un esforzo conxunto coa Axencia Turismo de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte é cos operadores

privados tanto para, a promoción do deporte e o turismo náutico que mellore as cifras de negocio das instalacións náuticas, como para a modificación substancial dos títulos concesionais en aras de garantir a mellora e estabilidade das concesións.

Este escenario fixo que Portos de Galicia afrontase durante os derradeiros exercicios unha rexeneración do espazo económico, social e deportivo dos portos e zonas de influencia fronte a crise económica a través de catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sustentabilidade, eficiencia e TIC.

Deste xeito preténdese crear máis valor con menos impacto o que se reflectiría en reducir o consumo dos recursos, reducir o impacto no medio natural e incrementar os produtos de valor de xeito sostible.

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendida como xeración de negocio e de recursos económicos, actuarase para o vindeiro 2024 en:

- Afianzar os portos como centros de traballo cada vez máis seguros de forma que se favoreza a actividade económica intrínseca ao porto.
- Integración dos portos galegos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementariedades ao tempo que se procura unha relativa especialización.
- A transformación dos portos en plataformas para a localización de novos procesos aumentando o valor engadido das mercadorías e da pesca e que contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego.
- Favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan os portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica.

Dentro da liña estratéxica de sustentabilidade actuarase en:

- Estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión paisaxística e ambiental co obxecto de facilitar, unha mellor comprensión do papel dos portos e os seus esforzos para chegar a un desenvolvemento sostible.
- Asegurar o máximo respecto ao medio ambiente.
- Incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como da seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia, actuarase en:

- Estimular a realización dos procesos dos servizos portuarios con eficiencia.
- Fomentar a comunicación entre a administración portuaria e os actores relevantes a nivel local (usuarios, clientes, público,...).
- Mellora e modernización dos servizos prestados nos portos.
- Xestión áxil e eficaz das actividades portuarias.
- Adoptar medidas eficaces para a mellora paisaxe e a calidade ambiental.

Dentro da liña estratéxica de TIC, actuarase en:

- Consolidación de novos sistemas de xestión que faciliten ao máximo a relación dos usuarios coa administración portuaria, dotándoa dunha nova plataforma dixital e renovación do seu centro de proceso de datos.
- Afondar na mellora dos procesos administrativos internos.
- Consecución da Administración electrónica plenamente eficiente.

Como consecuencia destes eixos búscase a integración dos portos galegos dentro dunha rede que permita a súa coordinación dentro dun sistema portuario competitivo, podendo así desenvolver as súas complementariedades.

E por outra banda, fomentar a coordinación entre os portos e as vilas en que se sitúan, máxime tendo en conta a idiosincrasia do asentamento da poboación galega na costa en forma de grande imbricamento da malla urbana cos portos con incidencia na actividade económico-empresarial delas.

En particular, recóllese a posibilidade de ir dando forma e execución aos proxectos que vaian tendo rematada a súa tramitación administrativa dependente doutras administracións en 2024. Neste senso, a disposición de servizos contratados para a redacción de estudos marítimos, ambientais, de patrimonio, de solo e estudos de alternativas, anteprojectos e proxectos construtivos permitirán ir dando resposta progresiva ás necesidades dos usuarios dos portos e que foron trasladadas polo sector ao ente público.

As actuacións programadas a acometer neste e en anos vindeiros, superan, entre dragaxes e melloras portuarias, as 80 actuacións. Así, e tendo en conta que estes contratos de servizo dotan de maior axilidade na tramitación dos traballos, poderanse ir acometendo, con previsións orzamentarias específicas ou xenéricas, as actuacións portuarias pertinentes.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2024	2025	2026
OE01	Modernizar e mellorar a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia.	36.271.575	48.184.111	40.988.799
	TOTAL	36.271.575	48.184.111	40.988.799

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2024	2025	2026
0006	Modernización e adecuación das instalacións existentes para adaptalas as novas necesidades do mercado e da sustentabilidade na pesca. Construcción das novas infraestruturas	36.271.575	48.184.111	40.988.799
	TOTAL	36.271.575	48.184.111	40.988.799

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2024	2025	2026	UNIDADES
IR04	Presuposto destinado a investimentos portuarios	2.325,54	2.508,97	2.707,35	Número
IR05	Presuposto destinado a mantemento portuario	305,51	305,51	305,51	Número

De acordo co establecido no novo Plan Estratéxico para Galicia 2022-2030, e dentro de Programa Gasto 513A-CONSTRUCCION, CONSERVACION E EXPLOTACION PORTUARIA, desenvólvese o obxectivo estratéxico denominado OE01.. Modernizar e mellorar a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia.

Os obxectivos operativos considerados no PEG 2022-2030 que afectan aos portos son os seguintes:

009 – Mellorar a coordinación entre os portos de titularidade estatal e autonómica.

010- Especializar a actividade realizada nos distintos portos.

011 – Reducir a pegada de carbono da actividade portuaria.

012 – Pór en marcha medidas que reduzan o impacto ambiental dos combustibles usados no transporte marítimo.

013 – Mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias e da eficiencia enerxética e térmica das instalacións e equipamentos pesqueiros.

014 - Modernización e adecuación das instalacións existentes para adaptalas ás novas necesidades do mercado e da sustentabilidade na pesca. Construcción das novas infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores.

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
AGUETE: DRAGAXE NO PORTO	2.024	2.025	150.000	10.000	3624026
AGUIÑO: MELLORAS DE OPERATIVIDADE NO PORTO DE AGUIÑO	2.024	2.026	3.000.000	10.000	1506073
ALDÁN: AMPLIACIÓN Y REFORMA DE NAVE DE DEPORTES NÁUTICOS EN ALDÁN	2.024	2.024	200.261	200.261	3624008
ALDÁN: NOVOS DEPARTAMENTOS E REMODELACIÓN DA LONXA NO PORTO DE ALDÁN	2.024	2.025	1.193.603	393.603	3624008
APLICACIÓNS INFORMÁTICAS (NOVA PLATAFORMA DIXITAL)	2.024	2.026	3.340.278	550.000	902
BUEU: ESTABILIZACIÓN DA PRAIA DE PESCADOIRA NO PORTO DE BUEU	204	2.025	78.844	18.844	3624004
BUEU: REPOSICION DE CUBERTA E AMPLIACION DA NAVE DE REDES DO PORTO	2.023	2.024	162.486	162.486	3624004
BURELA: REFORZO DO DIQUE DE ABRIGO DE BURELA	2.024	2.025	1.200.000	685.714	2722902
CAIÓN: ESTUDO DE ESTABILIDADE DO ENTORNO DA ZONA PORTUARIA	2.024	2.025	500.000	10.000	1508041
CAMARIÑAS: DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS EN CAMARIÑAS	2.024	2.025	450.000	50.000	1547016
CAMELLE: DRAGAXE NO PORTO DE CAMELLE	2.024	2.024	129.458	129.458	3637006
CANGAS: AMPLIACIÓN DA NAVE DE REDES EN CANGAS	2.024	2.025	1.100.000	15.000	3624008
CARIÑO: REFORZO DO DIQUE DE ABRIGO DE CARIÑO	2.024	2.026	5.525.000	25.000	1530901
CELEIRO: AMPLIACION DAS INSTALACIONES PARA EMBARCACIONES MENORES NO PORTO.	2.023	2.024	557.373	537.373	2723066
COMBARRO: REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE DOS DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS NO PORTO DE COMBARRO	2.024	2.025	900.000	100.000	3634041
CONTROIS DE ACCESOS	2.024	2.025	600.000	300.000	900
CORCUBIÓ: REMODELACIÓN DAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS DE CORCUBIÓ	2.024	2.026	1.142.857	25.000	1518028
DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓNS NA ZONA NORTE	2.024	2.025	1.714.295	50.000	900
DOMAIO: AMPLIACIÓN DO PORTO DE DOMAIO	2.024	2.026	1.800.000	10.000	3624029
ESPASANTE: DRAGAXE NO PORTO	2.024	2.026	632.250	25.000	1530061
ESTEIRO: RAMPLA EN ESTEIRO	2.024	2.025	177.826	50.000	1527053
FISTERRA: REPOSICIÓN DE CUBERTA E ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO DE DEPARTAMENTOS	2.024	2.024	268.886	268.886	1518037
FOZ: REMODELACIÓN DA DÁRSENA DEPORTIVA EN FOZ	2.024	2.026	3.500.000	25.000	2722019
ILUMINACIÓN LED EN VARIOS PORTOS	2.024	2.025	3.826.800	2.000.000	900
LIQUIDACIÓNS FINAIS OBRAS	2.024	2.024	380.727	380.727	900
MALPICA: MELLORA DAS CONDIÇÕES DE OPERATIVIDADE NA DÁRSENA INTERIOR DO PORTO DE MALPICA	2.024	2.026	3.000.000	250.000	1508043

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
MALPICA: REMODELACIÓN DOS DEPARTAMENTOS DE EXPORTADORES EN MALPICA	2.024	2.024	400.000	300.000	1508043
MELOXO: REMODELACIÓN DO PORTO DE MELOXO	2.024	2.024	25.000	25.000	3637022
MOAÑA: INSTALACIÓNS DE ATRAQUE PARA EMBARCACIÓNS DE ACUICULTURA EN MOAÑA	2.024	2.026	1.600.000	10.000	3624029
MOAÑA: REFORMA DE NAVE DA SOCIEDADE DEPORTIVA TIRÁN	2.024	2.024	129.200	129.200	3624029
MOAÑA: REHABILITACIÓN E MELLORA DO PEIRAO MEXILOEIRO DE MOAÑA	2.024	2.024	400.000	400.000	3624029
MORÁS: CONTRADIQUE, NOVA EXPLANADA E PANTALÁNS NO PORTO DE MORÁS	2.024	2.026	2.943.210	100.000	272305
MUGARDOS: REFORZO DE TALUD NO ACCESO AO PORTO	2.024	2.025	500.000	10.000	1517051
MUROS: RECONSTRUCCIÓN DUN TRAMO DE PEIRAO NA DÁRSENA INTERIOR DO PORTO	2.024	2.025	150.000	100.000	1527053
MUXÍA: REPOSICION DA ENVOLVENTE DA NAVE DE XEO DO PORTO	2.023	2.024	109.638	109.638	1518052
MUXÍA: DEPARTAMENTOS PARA EXPORTADORES EN MUXÍA	2.024	2.026	850.000	50.000	1518052
NOVAS CAPAS DE FIRMES NOS VIAIS PORTUARIOS	2.024	2.025	1.800.000	1.300.000	900
O BARQUEIRO: NOVO DIQUE FLOTANTE NO PORTO	2.022	2.024	77.836	57.836	1530044
OBRAS MENORES: Dotación de servizos	2.024	2.024	1.050.000	1.050.000	900
ORTIGUEIRA: DRAGAXE NO PORTO	2.024	2.026	1.000.000	10.000	1530061
ORTIGUEIRA: MELLORA DO BALIZAMENTO DA CANLE DE ACCESO AO PORTO	2.024	2.025	210.000	10.000	1530061
OUTROS SERVIZOS (A.Técnicas Infraestruturas)	2.024	2.024	300.000	300.000	900
PALMEIRA: URBANIZACIÓN DO PORTO DE PALMEIRA	2.024	2.026	1.200.000	25.000	1506073
PONTEDEUME: DRAGAXE NO PORTO DE PONTEDEUME	2.024	2.025	508.725	60.000	1516069
PORTO DO SON: DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS EN PORTO DO SON	2.024	2.025	952.995	100.000	1528071
PORTO DO SON: NOVA NAVE DE REDES EN PORTO DO SON	2.024	2.025	694.000	100.000	1528071
PORTOSÍN: MELLORA DE ABRIGO E AMPLIACIÓN DE ATRAQUES NO PORTO DE PORTOSÍN	2.024	2.025	1.700.000	25.000	1528071
RAXÓ: ORDENACION DE USOS NO VIAL DE ACCESO AO PORTO	2.022	2.024	632.000	532.000	3634041
REDACCIÓN DE ESTUDOS AMBIENTAIS E REDACCIÓN DE PROXECTOS DE DRAGAXE DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA	2.020	2.024	634.727	105.372	900
SADA: EXECUCIÓN DE VIAIS NA EXPLANADA DO PORTO	2.024	2.024	68.783	68.783	1513075
SAN ADRIÁN DE COBRES: AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ATRAQUE	2.024	2.026	1.500.000	100.000	3634058

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
SAN CIBRAO: ACONDICIONAMENTO DOS LOCAIS DE ARMADORES DE SAN CIBRAO	2.024	2.024	291.368	291.368	2723013
SANTA CRISTINA: REMODELACIÓN DO PORTO DE SANTA CRISTINA DE COBRES	2.024	2.026	1.000.000	10.000	3634058
SANXENXO: DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS EN SANXENXO	2.024	2.025	400.000	25.000	3637051
SERVIZO DE REDACCIÓN DE ESTUDOS E PROXECTOS PARA DIVERSAS ACTUACIÓNS DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA.	2.020	2.025	1.658.414	205.253	900
SSCC: SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE NOVO CPD	2.024	2.024	188.000	188.000	902
SSCC: TRABALLOS DE MANTENIMENTO, REPARACIÓN E PEQUENA INVERSIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS PORTUARIAS XESTIONADAS POLA EPE PORTOS DE GALICIA.	2.021	2.024	1.783.000	764.000	900
TESTAL: DRAGAXE NO PORTO DO TESTAL (DIQUE FLOTANTE)	2.024	2.025	165.729	15.000	1528057
TORRETAS DE SUBMINISTRO INTELIXENTES	2.024	2.025	400.000	150.000	900
TRAGOVE: AMPLIACIÓN DE LONXA EN TRAGOVE	2.024	2.024	869.187	869.187	3637006
VARIOS: NOVOS PUNTOS LIMPOS EN VARIOS PORTOS	2.024	2.025	400.000	200.000	900
VEHÍCULOS E MOBLAXE	2.025	2.026	50.000	50.000	900
VILANOVA DE AROUSA: REMODELACIÓN DO CONTRADIQUE	2.024	2.026	750.000	25.000	3637061
VIVEIRO-CELEIRO: REFORZO DO DIQUE DE ABRIGO DE CELEIRO	2.024	2.026	1.025.000	25.000	2723066
ZONA CENTRO: REMODELACIÓN E MELLORA DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS EN VARIOS PORTOS	2.024	2.026	1.250.000	400.000	900
ZONA SUR: REMODELACIÓN E MELLORA DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS EN VARIOS PORTOS	2.024	2.025	750.000	50.000	900
		TOTAL	65.947.756	14.627.989	

Para dar resposta ás necesidades ligadas aos obxectivos de mellora da seguridade, operatividade e mellora das condicións de traballo nos portos, recóllense actuacións destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres, no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercadorías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Inclúense tamén as de almacenaxe, loxística e distribución.

O programa de investimentos de acordo cos obxectivos a acadar vai dirixido a través das seguintes liñas:

I.- Ampliación e mellora das infraestruturas marítimas.

Actuacións tendentes ao desenvolvemento e potenciación do transporte marítimo de mercadorías, a mellora da seguridade na operativa, atracción de novo tráfico e desen-

volveremento do transporte intermodal. Deste xeito pretendemos que exista un transporte sostible alternativo á estrada e á potenciación do desenvolvemento das comarcas que favoreza a explotación dos recursos naturais que producen un maior volume de mercadorías.

2.- Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias.

Están destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres, no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercadorías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Inclúense tamén as de almacenaxe, loxística, distribución, e reparación.

Só redundará na execución das operacións en condicións de seguridade e máis rendemento levando a un maior desenvolvemento da contorna máis próxima e, en consecuencia, á xeración de máis emprego.

3.- Incremento do atractivo do litoral galego e mellora da calidade medio ambiental das instalacións portuarias.

Para poder potenciar o uso das actividades turísticas, de lecer e deporte nas zonas onde se sitúan os portos e deste xeito desenvolver a industria auxiliar correspondente.

Actuacións para a implantación nos portos das infraestruturas, equipamentos e procedementos necesarios para unha xestión medio ambiental eficaz, partindo da experiencia realizada no porto da Pobra do Caramiñal onde se implantou o sistema EMAS de xestión medio ambiental, pioneiro nun porto galego, dentro do programa LIFE.

4.- Ordenación xeral das zonas de servizo dos portos, mellora e modernización dos servizos xerais.

Deste xeito inténtase facilitar o desenvolvemento de distintas actividades portuarias, evitando as interferencias entre as mesmas, e ao mesmo tempo incrementar a seguridade das instalacións portuarias tanto na lámina de auga como na superficie portuaria.

Así mesmo, para ampliar, mellorar e modernizar as redes de servizos xerais dos portos, tales como abastecemento de auga, saneamento, subministración de enerxía eléctrica, combustible, telefonía e transmisión de datos, etc. Deste xeito, ademais de mellorar a calidade da prestación dos servizos e optimización dos consumos, perséguese a diminución dos gastos de explotación e, con iso, a optimización da xestión económica. Por iso estanse desenvolvendo iniciativas en diferentes portos para a ampliación, mellora e modernización das redes de servizos.

5.- Mellora da xestión organizativa do porto e adaptación as novas TIC.

Para poder conseguir o incremento da eficacia e da eficiencia dos portos e do propio sistema portuario, favorecendo unha relación áxil e cómoda dos clientes e usuarios coa administración portuaria e o uso das novas tecnoloxías da comunicación e información.

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
NON TERRITORIALIZABLE	6.080.784	15.562.804	14.627.987
TOTAL	6.080.784	15.562.804	14.627.987

Todas as actuacións previstas, tanto os investimentos como os gastos de xestión e servizos portuarios, teñen un marco xeral que afecta a todas as instalacións portuarias de Galicia en todo o ámbito territorial de acordo co principio de unidade de xestión portuaria.

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2024	2025	2026
OUTROS INGRESOS	150.000	150.000	150.000
PRESTACIÓN DE SERVIZOS PORTUARIOS	14.548.000	14.548.000	14.548.000
SERVIZOS PROFESIONAIS	419.831	848.421	452.197
UTILIZACION PRIVATIVA, OCU.DOM.PÚBLICO	2.840.000	2.840.000	2.840.000
TOTAL	17.957.831	18.386.421	17.990.197

Na elaboración da previsión dos ingresos correntes para o exercicio 2023, tívose en conta non só as previsións feitas para o exercicio 2023 senón tamén os resultados reais do exercicio 2022, a evolución das diferentes taxas e canons portuarios nos nove primeiros meses do ano 2023 así como os cambios previstos na Lei 6/2003 de Taxas e Prezos para o ano 2024.

A estimación dos ingresos de explotación (ingresos correntes ou de xestión ordinaria) para o vindeiro 2024 acadan a cifra total de 17.957.831 € (17.062.271 € peche ano 2022), o que representa un incremento da facturación do 5,2 % respecto do peche do ano 2022.

Dentro deste epígrafe atópanse os ingresos de natureza pública, correspondentes ás liquidacións das taxas pola prestación de servizos nos portos, as taxas por actividades comerciais e industriais, e as concesións e autorizacións por ocupacións privativas do dominio público portuario. Estes ingresos intégranse dentro do patrimonio da entidade pública empresarial Portos de Galicia e distribúense de acordo co seguinte detalle:

1. Ingresos procedentes das taxas administrativas por “servizos profesionais de dirección técnica de obras”. Estímase a cifra de 419.831 € cifra esta vinculada a execución do programa de investimentos.

2. Ingresos por “prestación de servizos portuarios”, recolle as taxas do tráfico comercial, pesca fresca, embarcacións deportivas e de lecer, almacenaxe, subministrados e servizos diversos así como a taxa de actividades comerciais, industriais e de servizos. As previsións de facturación desde epígrafe ascenden a cifra de 14.548.000 € (13.641.535 € en 2022) o que representa un incremento do 6,6% respecto da facturación real do ano 2022.

3 Ingresos pola “utilización privativa e ocupación dominio público portuario” correspondentes aos canons cobrados polas concesións e autorizacións outorgadas. A previsión para o ano 2024 acada a cifra de 2.840.000 € (2.889.364 € en 2022), cifra que baixa no 1,7% respecto da facturación do ano 2022.

4 “Outros ingresos”, estímase a cifra de 150.000 € correspondentes a sancións, xuros, reclamacións patrimoniais, etc.

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONES CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Subvencións Correntes recibidas da C.A.	72.245	40.136	
TOTAL	72.245	40.136	0

Para o próximo ano 2024 non está previsto recibir subvenciones correntes.

Transferencias e subvencións (Ingresos a distribuír en varios exercicios)

Por outra banda, a cifra estimada a contabilizar na conta de resultados na rúbrica de Transferencias e subvencións de capital ascende a 1.581.904 €, que recollen o cálculo das subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio (non orzamentario), trátase dunha cifra estimada a partires das cifras de peche do exercicio 2022 que inclúe o importe dos ingresos a distribuír dos bens adscritos (1.585.366 €) por parte da Comunidade Autónoma.

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Nº Empleados	121	123	123
Custo Total	5.123.514,19	5.894.686,68	6.080.783
Custo Medio	42.343,09	47.924,28	49.437

A dotación económica para o vindeiro ano 2024 ascende á cifra de 6.080.784 € e dá cobertura ós custos salariais para un cadro de persoal de 123 traballadores. Inclúe os

gastos de formación e vixilancia da saúde, así como a previsión do incremento salarial do 2,5%.

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026
ARRENDAMENTOS E CÁNONES	114.305	109.584	113.307	113.307	113.307
COMUNICACIÓNS E OUTROS SERVIZOS	5.537.178	7.595.868	7.098.827	7.098.827	7.098.827
PRIMAS DE SEGUROS	82.507	81.159	82.508	82.508	82.508
PUBLICIDADE / INFORMACIÓN DIVULGACIÓN	110.352	80.481	156.000	156.000	156.000
REPARACIÓNS E CONSERVACIÓN	1.880.696	2.872.526	4.650.625	4.650.625	4.650.625
SERVIZOS PROFESIONAIS INDEPENDENTES	67.257	51.058	94.880	94.880	94.880
SUBMINISTROS	2.001.515	2.900.108	3.031.271	3.031.271	3.031.271
TOTAL	9.793.810	13.690.784	15.227.418	15.227.418	15.227.418

A previsión de gasto neste capítulo para o vindeiro 2024 acada a cifra de 15.227.417 € (9.793.811 € ano 2022), o que representa unha subida do 55,5 % respecto do gasto executado no ano 2022, debido fundamentalmente ao incremento das partidas reparacións e conservación, e comunicacións e outros servizos que inclúe asistencias técnicas, seguridade e vixilancia e subministros de enerxía eléctrica así como a limpeza dos portos.

Os servizos exteriores dan cobertura aos gastos de funcionamento da entidade que inclúe as partidas de arrendamentos, reparacións e conservación, material subministros e outros servizos.

Neste capítulo destacan como contratos máis importantes polo seu peso económico e de xestión os seguintes:

- Servicio de mantemento das instalacións eléctricas de baixa tensión (567.885 €).
- Contrato de mantemento, reparación e pequena inversión das infraestruturas portuarias (1.546.000 €).
- Previsión actuacións en dragaxes de mantemento nos portos (2.289.553 €).
- Contrato do servizo de limpeza nos portos e instalacións portuarias (4.755.296 €).
- Servizo de recollida de refugallos MARPOL (376.003 €).
- Servizo de xestión externa de practicaxe (242.173 €).
- Servizo de seguridade e vixilancia nos portos PBIB (721.158 €).

-Outros servizos externos de xestión que inclúe estudos e traballos técnicos (582.464 €), e servizos informáticos (239.559 €).

Por último no epígrafe de tributos estímase unha previsión de 330.387 € para pago do imposto de bens inmobles (IBI) correspondentes aos bens recibidos en adscripción por parte da Xunta de Galicia.

Provisións para insolvencias

Seguindo a evolución dos saldos debedores e tendo en conta a antigüidade da débeda, considérase de moi difícil ou imposible recadación os saldos pendentes de cobro con antigüidade superior a catro anos, polo que se provisiona ao 100%; aplicándose tamén para o exercicio 2022 unha porcentaxe global do 1,46%, correspondente a media de dos porcentaxes impagados obtidos da serie histórica 1997-2017.

As variacións estimadas para o vindeiro 2024 son de 77.755 €.

Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
DOTACIONES (INMOB. BENS ASCRITOS)	1.585.366	1.585.366	1.585.366
DOTACIONES (INMOB. BENS PROPIOS)	2.479.152	2.479.152	2.479.152
DOTACIONES (INMOB. SUXEITO A SUBVENCIONES)	9.996.537	9.996.537	9.996.537
TOTAL	14.061.055	14.061.055	14.061.055

A estimación das dotacións para amortizacións acadan os 14.061.056 €, dos cales a cifra de 11.581.904 € reflíctense como ingresos a distribuír en varios exercicios na conta de subvencións de capital traspasadas ao resultado.

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIONES DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Subvencións de Capital Recibidas da CA	9.690.314	6.000.000	6.000.000
TOTAL	9.690.314	6.000.000	6.000.000

	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Subvencións de Capital Recibidas do Estado			
Subvencións de Capital Recibidas da UE			5.000.000
TOTAL	0	0	5.000.000

As transferencias de capital recollidas no proxecto de orzamentos para o ano 2024 acadan a cifra de 11.000.000 € e teñen a seguinte procedencia:

-Fondos da Comunidade Autónoma a través do Programa 50.01.513A.740.2 da Concellería do Mar, cun importe previsto de 6.000.000 €, dos cales 2.142.856 € cofinancian as axudas do FEMPA.

-Fondos FEMPA (Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura) cunha dotación de 5.000.000 €

Financiamento alleo a longo prazo

○ Ente non mantén ningún tipo de endebedamento externo en canto a Préstamos e Créditos se refire.

Remanente de Tesourería

	2022	2023
1. Fondos líquidos	2.219.552	2.219.552
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	29.251.467	19.979.986
Do orzamento corrente	21.401.919	10.281.710
De orzamentos pechados	5.476.619	7.325.347
De operacións non orzamentarias	2.372.929	2.372.929
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	5.123.530	5.123.530
Do orzamento corrente	4.044.067	4.044.067
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias	1.079.463	1.079.463
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	103.740	103.740
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	-20.240	-20.240
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	83.500	83.500
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	26.451.229	17.179.748
II. Exceso de financiamento afectado	9.840.742	7.313.743
III. Saldos de dubidoso cobro	6.131.780	6.409.221
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	10.478.707	3.456.784

○ saldo do estado de remanente de tesourería de libre disposición ao peche do exercicio 2022 acada os 10.478.707 €.

A previsión de peche para o exercicio 2023 do remanente de tesourería total, estímase na cifra de 10.770.527 €, quedando afectado en 7.313.743 € que se aplicarán no financiamento do déficit por conta corrente e no programa de investimentos do ano 2024, obtendo un saldo de libre disposición de 3.456.788 €.

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓN S INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
CONSTRUCCIÓN S E INSTALACIÓN S PORTUARIAS	9.293.169	12.876.585	13.839.987
OUTRO INMOBILIZADO	812.112	1.650.535	788.000

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
TOTAL	10.105.281	14.527.120	14.627.987

O capítulo de Investimentos reais comprende os gastos de capital a realizar directamente por Portos de Galicia en infraestrutura portuaria, así como os destinados á adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos seus servizos (maquinaria, elementos de transporte, moblaxe e equipos informáticos).

O orzamento previsto para a anualidade 2024 acada a cifra de: 14.627.987 €

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

Tal e como se recolle no estado de fluxos de efectivo, os ingresos por prestación de servizos portuarios (17.957.831 €), xunto coas transferencias e subvencións recibidas (11.000.000 €), e xunto cos recursos propios (remanentes de tesourería) xerados pola xestión ordinaria de exercicios anteriores (7.313.743 €), constitúen o financiamento dos gastos orzamentarios correntes ou de explotación (21.643.588 €) así como os de capital que se recollen no programa de investimentos. (14.627.987 €).

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) Inmobilizado		235.546	236.012	236.579
I. Invetimentos destinados ao uso xeral				
1. Terreos e bens naturais				
2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral				
3. Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural				
II. Inmovilizaci3ns inmateriais	754	2.101	2.607	
1. Gastos de Investigaci3n e desenvolvemento				
2. Propiedade industrial	3	3	3	
3. Aplicaci3ns informáticas	1.389	2.739	3.289	
4. Propiedade intelectual				
5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro				
6. Inmobilizado inmaterial	3.244	3.284	3.284	
7. Amortizaci3ns	-3.882	-3.926	-3.970	
III. Inmovilizaci3ns materiais	234.792	233.912	233.972	
1. Terreos e construcci3ns	564.935	577.811	591.651	
2. Instalaci3ns Técnicas e Maquinaria	2.362	2.362	2.362	
3. Mobiliario	2.512	2.567	2.617	
4. Outro inmobilizado	2.207	2.412	2.600	
5. Amortizaci3ns	-337.223	-351.240	-365.258	
IV. Invetimentos xestionados				
V. Inmovilizaci3ns financieras				
1. Carteira de valores a longo prazo				
2. Outros invetimentos e créditos a longo prazo				
3. Dep3sitos e fianzas constituídos a LP				
4. Provisi3ns				
B) Gastos a distribuir en varios exercicios				
C) Activo circulante	25.423	15.874	12.589	
I. Existencias				
1. Comerciais				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Productos en curso e semiterminados				
4. Productos terminados				
4. Subproductos, residuos e materiais recuperados				
6. Provisi3ns				
II. Debedores	23.197	13.649	10.364	
1. Debedores orzamentarios	26.879	17.607	14.400	
2. Debedores non orzamentarios	1.826	1.826	1.826	
3. Debedores por administraci3n de recursos por conta doutros entes públicos				
4. Administraci3ns públicas	541	541	541	
5. Debedores varios	84	84	84	
6. Provisi3ns	-6.132	-6.409	-6.487	
III. Invetimentos financieros temporais	6	6	6	
1. Carteira de valores a curto prazo				
2. Outros invetimentos e créditos curto prazo				
3. Fianzas e dep3sitos constituídos a curto prazo	6	6	6	
4. Provisi3ns				
IV. Tesourería	2.220	2.220	2.220	
V. Axustes por periodificaci3n				
TOTAL XERAL (A + B + C) ...	260.969	251.886	249.168	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	BALANCE. PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) Fondos propios		255.745	246.663	243.009
I. Patrimonio		288.397	284.401	286.990
1. Patrimonio		2.400	2.400	2.400
2. Patrimonio recibido en adscrición		290.875	286.878	289.467
3. Patrimonio recibido en cesión				
4. Patrimonio entregado en adscrición				
5. Patrimonio entregado en cesión				
6. Patrimonio entregado ao uso xeral		-4.877	-4.877	-4.877
II. Reservas				
III. Resultados de exercicios anteriores		-29.747	-32.652	-37.738
1. Resultados positivos de exercicios anteriores		2.819	2.819	2.819
2. Resultados negativos de exercicios anteriores		-32.566	-35.471	-40.557
IV. Resultados do exercicio (positivo ou negativo)		-2.905	-5.086	-6.243
B) Provisións para riscos e gastos				
C) Acredores a longo prazo		120	120	120
I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables				
1. Obrigacións e bonos				
2. Débedas representadas en valores negociables				
3. Xuros de obrigas e outros valores				
4. Débedas en moeda estranxeira				
II. Outras débedas a longo prazo		120	120	120
1. Débedas con entidades de crédito				
2. Outras débedas				
3. Débedas en moeda estranxeira				
4. Afianzamentos e depósitos recibidos a longo prazo		120	120	120
III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos				
D) Acredores a curto prazo		5.103	5.103	6.039
I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables				
1. Obrigacións e bonos a curto prazo				
2. Débedas representadas noutros valores negociables				
3. Xuros de obrigacións e outros valores				
4. Débedas en moeda estranxeira				
II. Débedas con entidades de crédito				
1. Préstamos e outras débedas				
2. Débedas por xuros				
III. Acredores		5.103	5.103	6.039
1. Acredores orzamentarios		4.044	4.044	4.980
2. Acredores non orzamentarios		321	321	321
3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos				
4. Administracións Públicas		759	759	759
5. Outros acredores				
6. Afianzamentos e depósitos recibidos a corto prazo		-20	-20	-20
IV. Axustes por periodificación				
TOTAL XERAL (A + B+ C + D) ...		260.969	251.886	249.168

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. GASTOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	1. Redución de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	2. Aproveisionamentos			
	a. Consumo de mercadorías			
	b. Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
	c. Outros gastos externos			
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	29.387	34.106	35.782
	a. Gastos de persoal	5.115	5.837	6.023
	a.1) Soldos e Salarios	4.030	4.503	4.593
	a.2) Cargas sociais	1.085	1.334	1.431
	b. Prestacións sociais	9	58	58
	c. Dotacións para amortizacións de inmovilizado	14.061	14.061	14.061
	c.1 de inmovilizado inmaterial	44	44	44
	c.2 de inmovilizado material	14.017	14.017	14.017
	d. Variacións das provisións de tráfico	78	277	78
	d.1 Variacións das provisións de existencias			
	d.2 Variacións das provisións e perdas de créditos incobrables	78	277	78
	e. Outros gastos de xestión	10.124	13.865	15.558
	e.1 Servizos exteriores	9.794	13.691	15.227
	e.2. Tributos	330	174	330
	e.3. Outros gastos de xestión correntes			
	f. Gastos financeiros e gastos asimilados		8	5
	f.1 Por débedas		8	5
	f.2 Perdas de investimentos financeiros			
	g. Variacións das provisións de investimentos financeiros			
	h. Diferencias negativas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións			
	a. Transferencias correntes			
	b. Subvencións correntes			
	c. Transferencias de capital			
	d. Subvencións de capital			
	5. Perdas e gastos extraordinarios	650		
	a. Perdas procedentes do inmovilizado			
	b. Perdas por operacións de endebedamento			
	c. Gastos extraordinarios			
	d. Gastos e perdas doutros exercicios	650		
	TOTAL GASTOS	30.036	34.106	35.782
	AFORRO			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

PORTOS DE GALICIA

PXCP Orde do 28 de Novembro de 2001	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. INGRESOS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	1. Ventas e prestacións de servizos			
	a. Ventas			
	b. Prestacións de servizos			
	c. Devolucións e rappels sobre vendas			
	2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación			
	3. Outros ingresos da xestión ordinaria	17.062	17.397	17.958
	a. Ingresos tributarios	16.798	17.225	17.808
	b. Reintegros			
	c. Traballos realizados pola entidade			
	d. Outros ingresos de xestión	264	173	150
	d.1 ingresos accesorios e outros de xestión corrente	264	173	150
	d.2 excesos de provisións de riscos e gastos			
	e. Ingresos de participacións en capital			
	f. Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado			
	g. Outros xuros e ingresos asimilados			
	g.1 Outros xuros			
	g.2 Beneficios en investimentos financeiros			
	h. Diferencias positivas de cambio			
	4. Transferencias e subvencións	10.069	11.622	11.582
	a. Transferencias correntes			
	b. Subvencións correntes	72	40	
	c. Transferencias de capital			
	d. Subvencións de capital	9.997	11.582	11.582
	5. Ganancias e ingresos extraordinarios			
	a. Beneficios precedentes do inmovilizado			
	b. Beneficios por operacións de endebedamento			
	c. Ingresos extraordinarios			
	d. Ingresos e beneficios doutros exercicios			
	TOTAL INGRESOS	27.131	29.019	29.540
	DESAFORRO	2.905	5.086	6.243

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

Formulario EP.04

PORTOS DE GALICIA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN			
A) Cobramentos:	26.825	23.437	28.958
1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais			
2. Transferencias e subvencións recibidas	9.763	6.040	11.000
3. Vendas netas e prestacións de servizos	17.062	17.397	17.958
4. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes			
5. Intereses e dividendos cobrados			
6. Outros cobramentos			
B) Pagamentos:	15.248	19.767	21.644
1. Gastos de persoal	5.124	5.895	6.081
2. Transferencias e subvencións concedidas			
3. Aprovisionamentos			
4. Outros gastos de xestión	10.124	13.872	15.563
5. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes			
6. Intereses pagados			
7. Outros pagamentos			
Fluxos netos de efectivo por actividades de xestión (+A-B)	11.577	3.670	7.314
II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
C) Cobramentos:			
1. Venda de investimentos reais			
2. Venda de activos financeiros			
3. Outros cobramentos das actividades de investimento			
D) Pagamentos	10.105	14.527	14.628
1. Compra de investimentos reais	10.105	14.527	14.628
2. Compra de activos financeiros			
3. Outros pagamentos das actividades de investimento			
Fluxos netos de efectivo por actividades de investimento (+C-D)	-10.105	-14.527	-14.628
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO			
E) Aumento no patrimonio			
1. Achegas da entidade ou entidades propietarias			
F) Pagamentos á entidade ou entidades propietarias.			
1. Devolución de achegas e repartición de resultados á entidade ou entidades propietarias			
G) Cobramentos por emisión de pasivos financeiros			
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas			
H) Pagamentos por reembolso de pasivos financeiros			
1. Obrigas e outros valores negociables			
2. Préstamos recibidos			
3. Outras débedas			
Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamento (+E-F+G-H)			
IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN			
I) Cobramentos pendentes de aplicación			
J) Pagamentos pendentes de aplicación			
Fluxos netos de efectivo pendentes de clasificación(+I-J)			
V. EFECTO DAS VARIACIÓN DOS TIPOS DE CAMBIO			
VI. INCREMENTOS/DIMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I+II+III+IV+V)	1.472	-10.857	-7.314
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO			
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS			

